Agapanthus praecox Willd., 1809

- agapanto, a. azul
- agapanto, lila del Nilo
-
- clívia blava, agapant
- agapanthus
- lírio do Nilo, agapanto



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asparagales**	**Amaryllidaceae**	***Agapanthus***

ORIXE

África do Sur, especificamente da rexión do Cabo.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne, rizomatosa e herbácea. As follas son longas, lineais e en forma de correa, de cor verde intensa e de textura coriácea. Medran en grupos arrosetados dende un rizoma, formando unha mata densa e arqueada. As flores son de cor azul violácea intensa ou branca, con seis tépalos e agrúpanse nunha inflorescencia tipo umbela esférica que emerxe sobre un robusto pedúnculo de ata 1 m de altura. O froito é unha cápsula oblonga que se forma trala floración. Ao abrirse, esta cápsula libera sementes pequenas, negras e aladas. Non é comestible e a súa saiba pode ser tóxica e irritante.

HÁBITAT

Medra en praderías rochosas e ladeiras pedregosas. Cultívase amplamente en todo o mundo e adáptase ben a climas mediterráneos, prosperando en xardíns, zonas costeiras e áreas urbanas, sempre que os solos sexan drenantes.

DISTRIBUCIÓN

Amplamente distribuído por todo o mundo, especialmente en climas mediterráneos.

CURIOSIDADES

En África do Sur as tribos xhosa utilizábana tradicionalmente coma unha planta máxica e medicinal. Usaban colares feitos coas súas raíces para promover a fertilidade e a saúde durante o embarazo. Ademais críase que era un poderoso afrodisíaco.